

Estimadas nais e pais do alumnado do IES MONTE DAS MOAS,

Desde o ano pasado a ANPA MONTE DAS MOAS utiliza unha aplicación de móbil (APP) como medio de comunicación máis áxil coas familias que o correo electrónico que, a súa vez, facilita as inscricións e evita movementos innecesarios de diñeiro.

Como vedes máis abaixo no cartel, a podedes descargar como calquera outra aplicación que instaledes no móbil pois é de acceso libre para todo o mundo agás no apartado de NOVAS que será só para socios e socias ao corrente de pago.

No mes de xuño corresponde REALIZAR ou RENOVAR a inscrición no ANPA e para iso deberedes aboar a cota do curso 2023/2024 que SÓ PODE FACERSE POR BANCO (como o seguro escolar que se paga a partir de 3º de ESO). A cota é de 15 euros por familia. A entidade coa que traballamos é ABANCA. Recomendamos que se non tedes conta aí, en vez de facer unha transferencia que ten custo, fagades o abono nun caixeiro.

Unha vez pagada a cota debedes engadir o xustificante de pago no formulario de inscrición que atopardes na esquina inferior esquerda da APP, cubrir os datos e enviar. Despois poderdes solicitar a tarxeta de socio ou socia. Na parte de atrás desta folla podedes seguir os pasos de maneira detallada.

No apartado superior dereito, onde o \*, tedes o enlace ao soporte técnico para dúbidas ou na icona da ANPA os nosos datos.

Esperamos contar con todos e todas vos para traballar polo benestar dos nosos fillos e fillas, recibide un cordial saludo.



Xunta Directiva  
ANPA IES Monte das Moas  
Teléfono 698 145 10  
anpamoas@anpamoas.com

COMO FACERTE SOCIO OU SOCIA PARA O CURSO 2023/2024 EN CINCO PASOS:

1º Paso:

descargar APP




2º Paso:

unha vez descarga buscar o ícono e clicar para acceder ao formulario de inscrición




3º Paso:

aboar a cota anual (15 euros por familia) na conta indicada e adxuntar o xustificante (poder ser telemático ou unha foto) no seguinte apartado



4º Paso:

Cubrir o formulario



5º Paso:

Enviar